

enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís, de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, cuxa implantación foi autorizada pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Acreditada a homologación do mencionado plan de estudos por parte do Consello de Coordinación Universitaria e o cumprimento dos requisitos básicos previstos no Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios, vixente no que non se opoña á Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, procede a homologación do referido título.

Esta homologación efectúase de acordo co establecido no punto 4 do artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, no Real decreto 1435/1991, do 30 de agosto, modificado por Real decreto 50/1995, do 20 de xaneiro, polo que se establece o título de enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís, e as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á obtención daquel, e demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación, Cultura e Deporte e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de abril de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Homológase o título de enxeñeiro técnico de obras públicas, especialidade en construcións civís, da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, da Universidade da Coruña, unha vez acreditada a homologación do seu plan de estudos por parte do Consello de Coordinación Universitaria e o cumprimento dos requisitos básicos previstos no Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios.

A homologación do plan de estudos a que se fixo referencia no parágrafo anterior foi publicada no «Boletín Oficial del Estado» do 21 de xaneiro de 2004, por Resolución do Reitorado da Universidade de data 23 de decembro de 2003.

2. A Comunidade Autónoma de Galicia poderá autorizar a impartición das ensinanzas conducentes á obtención do título homologado no punto 1, e a Universidade da Coruña proceder, no seu momento, á expedición do correspondente título.

Artigo 2. *Avaliación do desenvolvemento efectivo das ensinanzas.*

Para os efectos do disposto neste real decreto e nos puntos 5 e, se é o caso, 6 do artigo 35 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, transcorrido o período de implantación do plan de estudos a que se refire o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 1, a universidade deberá someter a avaliación da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación o desenvolvemento efectivo das correspondentes ensinanzas.

Artigo 3. *Expedición do título.*

O título a que se refire o punto 1 do artigo 1 será expedido polo reitor da Universidade da Coruña, de acordo co establecido no punto 2 do artigo 34 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e demais normas viventes, con expresa mención deste real decreto que homologa o título.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de abril de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación, Cultura e Deporte,
PILAR DEL CASTILLO VERA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7469 *ORDE APA/1075/2004, do 22 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 100, do 24-4-2004.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, con idéntico título que a anterior, e a Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, as devanditas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ao noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/400/2004, do 18 de febreiro, pola que se modifican determinados anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.

Neste sentido, mediante a presente orde, incorpóranse ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2004/31/CE da Comisión, do 17 de marzo de 2004, pola que se modifican os anexos I, II, III, IV e V da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, e

a Directiva 2004/32/CE da Comisión, do 17 de marzo de 2004, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, en relación con determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos.

Na súa virtude, de acordo coa disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.*

Os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección

contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de abril de 2004.

ESPINOSA MANGANA

ANEXO

1) O punto 1 da letra b) da parte B do anexo I substituirase polo texto seguinte:

«1. Beet necrotic yellow vein virus	DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»
-------------------------------------	--

2) Suprímese o último parágrafo da parte B do anexo I.

3) O punto 2 da letra b) da parte B do anexo II substituirase polo texto seguinte:

«2. <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al.	Partes de vexetais, distintos de froitos, sementes e dos destinados a seren plantados, pero con inclusión do pole vivo para polinización de: <i>Amelanchier Med.</i> , <i>Chaenomeles Lindl.</i> , <i>Cotoneaster Ehrh.</i> , <i>Crataegus L.</i> , <i>Cydonia Mill.</i> , <i>Eriobotrya Lindl.</i> , <i>Malus Mill.</i> , <i>Mespilus L.</i> , <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardot, <i>Pyracantha Roem.</i> , <i>Pyrus L.</i> e <i>Sorbus L.</i>	E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e illas do Canal da Manga)»
--	--	---

4) O último parágrafo da parte B do anexo II substitúese polo seguinte texto:

«Na epígrafe b)2 para Irlanda, Italia (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo,

Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), e Austria Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena, o período de recoñecemento das devanditas zonas protexidas finalizará o 31 de marzo de 2006.»

5) O anexo III quedará modificado como segue:

a) O texto da columna dereita do punto 15 da parte A substituirase polo texto seguinte:

«Países terceiros distintos de Suíza»

b) O punto 1 da parte B substituirase polo texto seguinte:

a

<p>«1. Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais recollidos nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III, cando proceda, os vexetais e o pole vivo para polinización de: <i>Amelanchier</i> Med., <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L., distintos de froitos e sementes, orixinarias de países terceiros distintos de Suíza e distintos dos recoñecidos exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al. de acordo co procedemento comunitario, ou nos que se establecesen zonas exentas de pragas de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al. de acordo coa correspondente norma internacional de medidas fitosanitarias, recoñecidas como tales consonte o procedemento comunitario.</p>	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímimi; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A (Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena, P, FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e illas do Canal da Manga).</p>
<p>«2. Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais recollidos nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III, cando proceda, os vexetais e o pole vivo para polinización de: <i>Cotoneaster</i> Ehrh. and <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardot, distintos de froitos e sementes, orixinarios de países terceiros distintos dos recoñecidos exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al. de acordo co procedemento comunitario, ou nos que se establecesen zonas exentas de pragas de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al. de acordo coa correspondente norma internacional de medidas fitosanitarias, recoñecidas como tales consonte o procedemento comunitario.</p>	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímimi; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A (Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena, P, FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e illas do Canal da Manga)»</p>

6) O anexo IV quedará modificado como segue:

a) A sección I da parte A quedará modificada da maneira seguinte:

i) na columna esquerda do punto 53 insírese o texto «Irán»,

ii) na columna esquerda do punto 54 insírese o texto «Irán».

b) A parte B quedará modificada da maneira seguinte:

i) o texto da columna dereita do punto 20.1 substituirase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

ii) o texto da columna dereita do punto 20,2 substituirase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

iii) O punto 21 substituirase polo seguinte texto:

<p>«21. Vexetais e pole vivo para polinización de <i>Amelanchier</i> Med., <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Cotoneaster</i> Ehrh., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardot, <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L., distintas de froitos e sementes</p>	<p>Sen prexuízo das prohibicións aplicables aos vexetais recollidos nos puntos 9, 9.1 e 18 da parte A do anexo III e nos puntos 1 e 2 da parte B do anexo III, cando proceda, declaración oficial de que:</p> <p>a) os vexetais son orixinarios de países declarados exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> de acordo co procedemento comunitario,</p> <p>ou</p> <p>b) os vexetais son orixinarios de zonas declaradas exentas de praga de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> de acordo coa correspondente norma internacional de medidas fitosanitarias, recoñecidas como tales consonte o procedemento comunitario,</p> <p>ou</p> <p>c) son orixinarios dun dos seguintes cantóns suízos: Berna (excepto os distritos de Signau e Trachselwald), Friburgo, Grisons, Ticino, Vaude e Valais,</p> <p>ou</p> <p>d) os vexetais son orixinarios das zonas protexidas citadas na columna da dereita,</p> <p>ou</p> <p>e) os vexetais producíronse ou, en caso de se teren trasladado a unha «zona tampón», mantivéronse durante un prazo mínimo de sete meses, incluído o período entre o 1 de abril e o 31 de outubro do último ciclo vexetativo</p> <p>aa) situada, polo menos a 1 km do límite, no interior dunha «zona tampón» designada oficialmente e que cubra polo menos 50 km², onde os vexetais hospedadores estean sometidos a un sistema de control aprobado e supervisado oficialmente, establecido antes do inicio do ciclo vexetativo completo anterior ao último ciclo completo, co obxectivo de reducir ao mínimo o risco de propagación de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> a partir dos vexetais alí cultivados. Os datos da descrición desta «zona tampón» manteranse á disposición da Comisión e dos demais Estados membros. Unha vez establecida a «zona tampón», efectuaranse inspeccións oficiais na zona sen incluír a parcela nin unha banda de 500 m de largo ao seu arredor, polo menos unha vez desde o principio do último ciclo vexetativo completo no momento máis apropiado, e todas as plantas hospedadoras que presenten síntomas de presenza de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> deberanse eliminar inmediatamente. Os resultados destas inspeccións serán presentados antes do 1 de maio de cada ano á Comisión e aos demais Estados membros, e</p> <p>bb) autorizada oficialmente, así como a «zona tampón», antes do comezo do ciclo vexetativo completo anterior ao último ciclo completo, para o cultivo dos vexetais nas condicións recollidas no presente punto, e</p> <p>cc) que, así como a zona circundante nun raio mínimo de 500 m, se atopase exenta de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> desde o comezo do último ciclo vexetativo completo, nunha inspección oficial realizada, polo menos:</p> <ul style="list-style-type: none"> — dúas veces sobre o terreo no momento máis apropiado, é dicir, unha vez entre xuño e agosto e outra entre agosto e novembro; e — unha vez na mencionada zona circundante no momento máis apropiado, é dicir, entre agosto e novembro, e 	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímíni; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piamonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio: provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesse Umbertino, Castalguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusina, Pinchera, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbana, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena, P, FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e illas do Canal da Manga)»</p>
---	---	---

a

dd) na cal as plantas foron sometidas a probas oficiais de detección de infeccións latentes de acordo cun método de laboratorio apropiado con mostras tomadas oficialmente no período máis adecuado.

Entre o 1 de abril de 2004 e o 1 de abril de 2005, estas disposicións non se aplicarán ás plantas que se introduzan nas zonas protexidas, ou se transporten polo interior delas, que figuran na columna da dereita e que sexan orixinarias e se mantivesen en campos situados en «zonas tampón» oficiais, de conformidade cos requisitos pertinentes aplicables antes do 1 de abril de 2004.

iv) suprimírase o punto 21.1.

v) inserírase un novo punto 21.3 antes do punto 22:

<p>«21.3. Do 15 de marzo ao 30 de xuño, colmeas</p>	<p>Presentaranse probas documentais de que as colmeas:</p> <p>a) son orixinarias de países recoñecidos exentos de <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. <i>et al.</i> de acordo co procedemento comunitario,</p> <p>ou</p> <p>b) son orixinarias dun dos seguintes cantóns suízos: Berna (excepto os distritos de Signau e Trachselwald), Friburgo, Grisons, Ticino, Vaude e Valais,</p> <p>ou</p> <p>c) son orixinarias das zonas protexidas citadas na columna da dereita,</p> <p>ou</p> <p>d) foron sometidas a medidas apropiadas de corentena antes do seu transporte.</p>	<p>E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Puglia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romagna; provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venezia Giulia; Lazio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piamonte; Sardeña; Sicilia; Trentino-Alto Adigio; provincia autónoma de Trento; Toscana; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara, e, na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estíria, Viena, P, FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e illas do Canal da Manga)»</p>
---	---	---

vi) o texto da columna dereita do punto 22 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

vii) o texto da columna dereita do punto 23 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

viii) o texto da columna dereita do punto 25 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

ix) o texto da columna dereita do punto 26 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

x) o texto da columna dereita do punto 27,1 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

xi) o texto da columna dereita do punto 27,2 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

xii) o texto da columna dereita do punto 30 substituírase polo texto seguinte:

«DK, F (Bretaña), FI, IRL, P (Azores), UK (Irlanda do Norte)»

7) Nos puntos 1 e 8, baixo a epígrafe I da parte B do anexo V, inserírase «Irán» despois de «India».